

LIÑA DO PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO: Competencia comunicativa. Programas de plurilingüismo e internacionalización.**Folla de OBSERVACIÓN FOCALIZADA****Mestre observador: José Manuel Rego García****Mestre observado: Norberto Blanco Dorrió****Curso e área: 1º E. Primaria, ciencias naturais****Data e hora: 02 marzo 2023. // 09:00 – 09:45**

DOCENTE OBSERVADO	COMENTARIOS
É puntual no inicio da sesión?	Si, é titor e cambia de área no horario que corresponde.
Emprega a lingua galega como lingua vehicular na aula?	Si
Ten o material necesario para a sesión?	Si, a preparación da curta leva días de preparación por parte do mestre.

É preciso no uso do vocabulario?	Emprega o vocabulario axeitado relativo ao conto e materias a empregar na sesión.
Da instrucións claras aos alumnos/as?	Instrucións claras e precisas para a colocación nos ensaios antes de comezar a gravación da curta.

ORGANIZACIÓN DA AULA	
Nº de alumnos/as	9
Espazos definidos na aula	Traslado da actividade ordinaria á aula de psicomotricidade para realizar os ensaios no croma colocado alí. Situados diante da parede co croma.
Materiais adicionais aos ordinarios da aula	Cámara de vídeo para gravar os ensaios da curta.
Situación do mestre con respecto aos alumnos/as	Os alumnos/as diante do croma e o mestre diante deles para poder seguir as indicacións do mestre durante os ensaios.

OBSERVACIÓN AO INICIO DA SESIÓN	
Presenta aos alumnos/as ao mestre observador?	Si, aínda que xa o coñecen como mestre do centro e da anterior observación holística.
Activa os coñecementos previos do alumnado?	Si, lémbbralles a historia que van contar, o rol de cada quen e os espazos e movementos durante a gravación dos ensaios da curta.
Presenta os materiais a usar na sesión?	Si, aínda que polo observado xa os coñecen e non parece preciso.
Explica de xeito claro as tarefas a desenvolver na sesión?	Si, explicacións curtas para cada ensaio de cada neno/a ou parellas na gravación.

OBSERVACIÓN DURANTE A SESIÓN	COMENTARIOS
O mestre emprega a lingua galega en toda a sesión?	Si, tanto as instrucións como o desenvolvemento da actividade se desenvolven en lingua galega.
Que lingua empregan os alumnos/as de xeito natural?	Lingua castelá, non hai ningún galego falante na aula.
Que lingua empregan os alumnos/as no desenvolvemento da actividade?	Lingua galega, incluída unha alumna ucraniana que non amosa ningunha dificultade en aprender e memorizar a tarefa en lingua galega.
É precisa a repetición de palabras ou frases a ritmo máis lento?	Non para a comprensión das tarefas.
As instrucións dadas polo mestre son sinxelas e precisas?	Si, non atopan dificultade en comprender o seu rol na curta.
O mestre actúa a xeito de guía?	Si, os alumnos/as entenden que é o que dirixe a actividade durante os ensaios da gravación.
Cal é o rol do alumno/a na actividade?	Activo, é o completo protagonista da actividade.
As actividades propostas son produtivas?	Pondo o foco na competencia comunicativa, resulta produtiva a actividade xa que os alumnos/as empregan a lingua galega, aínda que non a incorporan como lingua vehicular na comunicación ordinaria.

Algúns dos materiais empregados foron xerados con anterioridade?	Algúns dos materiais para a curta xa foron elaborados con anterioridade na área de plástica, outros aínda están en proceso. A maior parte deles polos nenos/as.
Os tempos dados para as tarefas foron suficientes?	Parecen curtos nalgúns intres, a pesar da boa vontade dos nenos/as, as gravacións audiovisuais non son algo cotiá na vida dos nenos/as e algúns deles/as precisan máis tempo.
Úsanse medidas de atención á diversidade?	Os roles de cada neno/a adaptáronse ás capacidades de cadaquén, obsérvase na distribución dos papeis do conto.
O alumno/a síntese motivado polos recursos dixitais empregados?	Moito, a idea de ser protagonistas da gravación dunha curta fai que as cámaras e luces sirvan de estímulo para mellorar a súa capacidade comunicativa en lingua galega.
As ferramentas audiovisuais serven para construír a propia aprendizaxe do alumnado e fomenta unha actitude colaborativa?	O feito de ver que unha historia pasa do libro á unha curta, serve de motivación para traballar en grupo e colaborar na procura dunha actividade común.

OUTROS COMENTARIOS. EXEMPLOS

Na aula hai dous alumnos cun déficit de atención importante. O feito de ter que estar atento para saber cando é a súa intervención facilita o proceso de concentración. Vese clara a diferenza entre aqueles alumnos/as que interiorizan con rapidez o seu rol e os que precisan máis tempo.

O mestre dirixe ben estas diferenzas. Tamén transmite moita tranquilidade cando alguén se equivoca, restándolle importancia: “ Non te preocupes, repetimos outra vez, non é máis que un ensaio,...”. Estas frases construtivas axudan enormemente aos nenos/as.

Tal vez, o mestre deba interiorizar el mesmo esa tranquilidade que transmite ao alumnado e quitarse presión. É moi perfeccionista e supón unha carga engadida ao seu traballo.

Transmite a importancia da lingua galega e o sentimento de agarimo cara a ela, algo que perciben claramente os nenos/as cando o escoitan.

